



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

**DECRETO N° 31/2010**

**DECRETO DE CONVOCATORIA DE SESIÓN**

**ÓRGANO: CONCELLO PLENO**

**TIPO DE SESIÓN: EXTRAORDINARIA URXENTE**

De conformidade coas atribucións conferidas no artigo 41.4 do RD 2568/1986, esta Alcaldía procede a **convocar sesión extraordinaria urxente do Pleno** a celebrar o vindeiro **día 28 de xaneiro de 2010, ás vinte e unha horas (21:00)** no salón de sesións da Casa do Concello, en primeira convocatoria. No caso de non lograrse o quórum necesario, a sesión quedará convocada para a mesma hora do día seguinte. A orde do día é a que a continuación se dirá:

Xustifícase a urxencia da sesión na necesidade de acadar canto antes o Acordo, para poder formular e remitir ó Ministerio tódalas solicitudes (ata 17), tendo en conta que (de conformidade coas previsións do RD-Lei 13/2009 e a Resolución de 2 de novembro da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial), as solicitudes deben estar efectuadas coa data límite do 4 de febreiro de 2010.

É este o motivo que xustifica que a convocatoria da sesión plenaria se faga cun día menos de antelación ó que se faría de non ser unha sesión urxente. En calquera caso, a convocatoria da correspondente sesión da Comisión Informativa de Urbanismo non se fixo por urxencia, e o expediente estivo a disposición dos Concelleiros da mesma incluso por un día máis (ata 3) do que é habitual nunha sesión non urxente.

**A) PARTE RESOLUTORIA.-**

|             |   |
|-------------|---|
| <b>1º.-</b> | <b>RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA URXENCIA DA SESIÓN.</b>   |
| <b>2º.-</b> | <b>APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, RELATIVO A SOLICITUDE DAS INVERSIÓNS E ACTUACIÓNS A FINANCIAR CON CARGO Ó FONDO ESTATAL DE EMPREGO E SOSTENIBILIDADE LOCAL</b> |

A Estrada, 26 de xaneiro de 2010

O ALCALDE

Vº, O SECRETARIO

Asdo.: José A. Dono López

Asdo.: José Naveira González